

SOLUCIÓN LIBRO CIENCIAS SOCIAIS. TEMA 5 (ESPAÑA)

- Páxina 65.

Que sabes xa?

- O Concello está formado polo alcalde, que é nomeado polos concelleiros, e polos propios concelleiros, que son elixidos polos cidadáns nas eleccións municipais.
- R. M. Protección civil, servizos de limpeza e servizos sociais.

-
- Páxina 66-67 (ESPAÑA EN EUROPA)

Traballa coa imaxe

- España sitúase entre Europa e África.
- España está formada pola maior parte da península ibérica, as illas Baleares, as illas Canarias, as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, e varias illas pequenas situadas no norte de África.

1 España está formada pola maior parte da península ibérica, as illas Baleares no mar Mediterráneo, as illas Canarias no océano Atlántico, as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla e varias illas pequenas no norte de África.

2 Os límites naturais son aqueles accidentes xeográficos que serven para delimitar países, como mares ou montañas. Os límites políticos son liñas que se establecen entre os países para marcar unha fronteira.

Os límites de España son: polo norte, o mar Cantábrico (natural), os Pireneos (natural), Francia e Andorra (políticos). Polo oeste, o océano Atlántico (natural) e Portugal (político). Polo leste, o mar Mediterráneo (natural). Polo sur, o mar Mediterráneo (natural), o océano Atlántico (natural) e Marrocos (político).

3 A Unión Europea (UE) é unha organización política e económica que agrupa 28 países. As súas institucións son: o Parlamento Europeo, o Consello da Unión Europea, a Comisión Europea e o Tribunal de Xustiza.

- Páxina 68-69 (ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO)

Traballa coa imaxe

- As Comunidades Autónomas uniprovinciais son: Principado de Asturias, Cantabria, Comunidade Foral de Navarra, A Rioxa, Illas Baleares, Comunidade de Madrid, Rexión de Murcia.
- Galicia limita polo leste con dúas Comunidades: o Principado de Asturias e Castela e León. Polo sur, limita cun país, Portugal.
- Galicia está formada por catro provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- As Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla aparecen representadas cun punto vermello cada unha.
- Canarias ten dúas capitais autonómicas: Santa Cruz de Tenerife e Las Palmas.

1 **Expresión escrita.** Unha Comunidade Autónoma é un territorio formado por unha ou varias provincias, que teñen costumes, unha historia e, nalgúns casos, un idioma propios.

As Comunidades Autónomas españolas son: Andalucía, Aragón, Principado de Asturias, Illas Baleares, Canarias, Cantabria, Castela-A Mancha, Castela e León, Cataluña, Extremadura, Galicia, A Rioxa, Comunidade de Madrid, Rexión de Murcia, Comunidade Foral de Navarra, País Vasco, Comunidade Valenciana. Tamén están as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla.

2 Unha provincia é un conxunto de concellos agrupados por motivos históricos, xeográficos, culturais, etc.

Un municipio é un territorio formado por unha ou varias localidades que están gobernadas por un Concello.

3 R. L. Deben completar a ficha sobre o municipio sinalando cal son as súas linguas, as súas festas e a gastronomía típica. Poden buscar información en Internet ou preguntar a persoas do seu ámbito familiar.

- Páxina 70-71 (GOBERNO DE ESPAÑA)

1 España é un Estado democrático porque todos os cidadáns teñen os mesmos dereitos e deberes, e porque elixen libremente os seus gobernantes co seu voto.

2 Na Constitución recóllense os dereitos e os deberes dos cidadáns. Por exemplo, o dereito a expresar as ideas con liberdade e o deber de cumprir as leis. Tamén se recollen as institucións do Estado, por exemplo, o xefe do Estado, as Cortes Xerais, o Goberno e os tribunais de xustiza.

3 Xefe do Estado: rei. **Cortes Xerais:** deputados e senadores. **Goberno:** presidente do Goberno e ministros. **Tribunais de xustiza:** xuíces e maxistrados.

- Páxina 73 (SABER ESTUDAR)

1 **Resumo.**

A Unión Europea (UE) é unha organización **política** e económica que está formada por **28** países europeos, entre eles España. Moitos destes países comparten a mesma moeda, o **euro**.

Todos os cidadáns da UE estamos representados no **Parlamento Europeo**, que se encarga de aprobar as leis. Para que se respecten estas leis existe un **Tribunal de Xustiza**, que está constituído por un **xuíz** de cada país membro.

As principais institucións da UE son: o **Parlamento Europeo**, a **Comisión Europea**, o **Consello da Unión Europea** e o **Tribunal de Xustiza**.

2 Táboa. • **polo norte:** mar Cantábrico, Pireneos, Francia, Andorra. • **polo oeste:** océano Atlántico, Portugal. • **polo leste:** mar Mediterráneo. • **polo sur:** mar Mediterráneo, océano Atlántico, Marrocos.

• **Límites políticos (vermello):** Francia, Andorra, Portugal, Marrocos. **Límites naturais (verde):** mar Cantábrico, Pireneos, océano Atlántico, mar Mediterráneo.

3 Palabras clave. • A lei máis importante de España é a Constitución.

- O xefe do Estado en España é o rei.
- Están formadas polos deputados e os senadores.
- O Presidente e os ministros forman o Goberno.
- O Tribunal que pode decidir se unha lei está de acordo coa Constitución é o Tribunal Constitucional.

- Páxina 73 (ACTIVIDADES DE REPASO)

1 R. G. Os alumnos teñen que rotular no mapa que fagan: península ibérica, illas Baleares, illas Canarias, Ceuta e Melilla.

- Os límites de España son: polo norte, o mar Cantábrico (natural), a cordilleira dos Pireneos (natural), Francia e Andorra (políticos); polo oeste, o océano Atlántico (natural) e Portugal (político); polo leste, o mar Mediterráneo (natural); polo sur, o mar Mediterráneo (natural), o océano Atlántico (natural) e o territorio de Marrocos (político).

2 A orde de maior a menor é.

- Comunidade Autónoma.
- Provincia.
- Municipio.

3 Institucións da Unión Europea:

- **Comisión Europea:** goberna a Unión Europea e decide en que se vai gastar o diñeiro desa organización.

- **Consello da Unión Europea:** aproba as leis.

Institucións de España:

- **Deputación provincial:** administra o territorio de cada provincia.

- **Tribunal Constitucional:** revisa as novas leis para comprobar que están de acordo coa Constitución Española.

- **Concello:** organiza os servizos municipais, como o abastecemento de auga, a iluminación, a limpeza das rúas, etc.

- **Cortes Xerais:** elaboran e aproban as leis, controlan a actuación do Goberno e aproban os orzamentos.

4 Toma a iniciativa. R. L.

5 Para pensar. R. M. Como cidadán da UE, se me tivese que trasladar a un país membro que ten o euro como moeda, utilizaría a mesma moeda ca en España. Por outra parte, ao ter a cidadanía europea e compartir o mesmo pasaporte, podería entrar nese país sen ningún requisito especial; por exemplo, non tería necesidade de solicitar visado.

Explora Galicia

6 R. G.

As Comunidades Autónomas españolas son: Andalucía, Aragón, Principado de Asturias, Illas Baleares, Canarias, Cantabria, Castela-A Mancha, Castela e León, Cataluña, Extremadura, Galicia, A Ríoxa, Comunidade de Madrid, Rexión de

Murcia, Comunidade Foral de Navarra, País Vasco e Comunidade Valenciana. As Cidades Autónomas de España son Ceuta e Melilla.

7 O Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e o Presidente.

Demostra o teu talento

A. Usa as TIC. R. L. Con esta actividade preténdese que o alumno se achegue dunha forma práctica e documentada ao coñecemento dun dos países da Unión Europea.

B. R. L.

C. R. L.